

SERVIZO TERRITORIAL DA ZONA SUR DE AUGAS DE GALICIA ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Dolores Cores Abuín, co DNI ****9935, solicita de Augas de Galicia a concesión dun caudal de auga de 2870,00 m³/ano, procedente dun pozo e un manancial, no lugar de Barral, parroquia de Besomaño, no concello de Ribadumia (Pontevedra), con destino a rega.

Este anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.83593

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Dolores Cores Abuín
CAUDAL:	2870,00 m ³ /ano
DESTINO:	rega
ORIXE:	un pozo na parc. 21 do pol. 20 do catastro de Ribadumia e un manancial na parc. 1976 do pol. 20 do catastro de Ribadumia
LUGAR:	Barral
PARROQUIA:	Besomaño
CONCELLO:	Ribadumia

Descrición:

A auga do manancial, que brota de xeito natural, condúcese ata parc. 21 do pol. 20 onde se emprega, xunto coa bombeada do pozo barrena, duns 50 m prof., para rega desa mesma parcela e da 296 e 350 do pol. 503.

O que se fai público, para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Ribadumia ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa San Salvador, 2, 4º de Vigo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, pola Área de Autorizacións e Concesións
Gonzalo Joaquín Gago Torrado (sinatura dixital)

